

# O Pergamiño Vindel despídese de Vigo tras ser visitado por máis de 40.000 persoas

EUROPA PRESS

© 04 MARZO 2018 19:10 H.

PERGAMIÑO-VINDEL



Pergamiño Vindel. AEP

O documento das 'cantigas de amigo' regresa ao Morgan Library & Museum de Nova York con reivindicacións para que se quede en Galicia

O Pergamiño Vindel, o manuscrito con sete 'cantigas de amigo' do trobador medieval Martín Códax, foi exposto no Museo do Mar de Galicia de Vigo, desde o pasado 10 de outubro ata este domingo, día no que inicia o seu regreso ao Morgan Library & Museum de Nova York, o seu propietario.

A mediados de febreiro, o documento fora contemplado por máis de 40.000 persoas.

Numerosos actos pecharon esta fin de semana a estancia do Vindel en Galicia, como o concerto *O Primeiro elepé vigués* no teatro Afundación de Vigo, ofrecido por artistas galegos como Pablo Novoa, Nicolás Pastoriza, Rosa Cedrón, Patricia Moon, os irmáns Amaro e Iván Ferreiro, entre outros.

Ademais, tamén os alumnos de primaria e secundaria do Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres (Reino Unido) e a rede de Centros de Estudos do Galego (CEG) no exterior conmemoraron este domingo a partida do documento coa peza audiovisual *Martín Códax Universal*.

Na obra, que se pode visualizar a través da páxina web da Consellería de Cultura, alumnos do instituto londinense e dos CEG de Budapest (Hungría), Kiel (Alemaña), Cork (Irlanda), Rio de Janeiro (Brasil), Barcelona, Deusto e Vitoria (País Vasco) recitan as cantigas do trobador galego na lingua na que foron escritas e nas súas propias.

## NOTICIAS DE HOY



**La hija de Uma Thurman y Ethan Hawke, nuevo fichaje de 'Stranger Things'**



**Concluye sin éxito la búsqueda de Gabriel en la depuradora donde apareció una camiseta**



**O Pergamiño Vindel marcha de Vigo tras ser visitado por máis de 40.000 persoas**



**Suárez sopesa someterse a unha moción de confianza para aprobar os orzamentos**

**UNHA "PEZA DE LUXO".** A exposición *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas* abriu as súas portas con medio centenar de pezas que acompañaron ao documento e que poñían de manifesto que "a cultura medieval de Galicia foi de primeiro nivel", tal e como o explicou entón o comisario da mostra, Francisco Singul.

Segundo o mesmo, o Pergamiño Vindel e o seu contido forman parte "dunha cultura exquisita", dunha Galicia que tiña entón unha importancia capital como lugar de destino dunha das rutas de peregrinación máis importantes de Europa (o Camiño de Santiago).

O Pergamiño é unha "peza de luxo", segundo indicou Singul, unha copia do século XIII de sete cantigas de amigo do trovador Martín Códax, entre elas *Ondas do Mar de Vigo*, e que foi descuberto por casualidade en 1914 polo libreiro Pedro Vindel, que o atopou na garda interior dun libro do século XVIII. Ademais do seu valor literario, ten a peculiaridade de que seis das composicións están acompañadas de pentagramas musicais. Estas 'cantigas', xunto coas de Don Dinís, son as únicas mostras atopadas da canción profana galaico-portuguesa.

Ao longo das décadas, o documento pasou por moitas mans, xa que o diplomático e musicólogo Rafael Mitjana e Gordón, fincado en Suecia, comproullo a Vindel. Á súa morte, os seus herdeiros vendérono ao bibliófilo Otto Hass e, posteriormente, foi adquirido en Londres pola J. Pierpont Morgan Library, en cuxo museo de Nova York permaneceu desde 1977, coa signatura MSM.979.

**MÁIS DE 40.000 VISITANTES.** Tras un ano e medio de negociacións entre a Universidade de Vigo e o Morgan Library & Museum, esta última accedeu a ceder o Pergamiño tras pactar o traslado e as condicións nas que o documento debería estar custodiado.

Neste contexto, o reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Matogueira, avanzou en febreiro que a súa institución aspiraba a chegar a un acordo de colaboración "permanente e duradeiro cara ao futuro" coa institución propietaria.

Tamén se pronunciou respecto diso a Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura, que chamou á Universidade, ao Concello de Vigo e á Xunta a están acompañadas de pentagramas musicais. Estas 'cantigas', xunto coas de Don Dinís, son as únicas mostras atopadas da canción profana galaico-portuguesa.

Ao longo das décadas, o documento pasou por moitas mans, xa que o diplomático e musicólogo Rafael Mitjana e Gordón, fincado en Suecia, comproullo a Vindel. Á súa morte, os seus herdeiros vendérono ao bibliófilo Otto Hass e, posteriormente, foi adquirido en Londres pola J. Pierpont Morgan Library, en cuxo museo de Nova York permaneceu desde 1977, coa signatura MSM.979.

## LO MÁIS

VISTO

ACTUAL

GALICIA | 04/03/2018

**Histórica condena de 14 años de cárcel a Lito, el 'rey de las orquestas', por fraude fiscal**

GALICIA | 01/03/2018

**Libertad con cargos para el fundador de Blusens**

GALICIA | 26/02/2018

**A moza falecida en Lobios era obrigada a prostituírse por unha organización criminal**

SOCIEDADE | 27/02/2018

**Iván Ferreiro pon música á cabeceira de 'Fariña'**

ECONOMÍA | 28/02/2018

**Diez claves para no tener morosos**